



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Nº 4 / 2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN FORO ENRIQUE PEINADOR PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA ESCULTURA BUSTO DE ISIDRO PARGA PONDAL.

Na Coruña, o 13 de xaneiro de 2016

REUNIDOS

Dona María Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia número 29081 de 23 de decembro de 2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

D. Xosé González Martínez, Presidente da Asociación Foro Enrique Peinador.

Actuando no exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- Que a Asociación Foro Enrique Peinador é unha entidade sen ánimo de lucro que xurdiu co obxectivo de incentivar o diálogo entre a economía e a galegitude, así como de lembrar a aqueles empresarios cualificados que souberon coordinar o éxito dos seus negocios coa identificación dos valores que definen a Galicia: a posesión dunha cultura e unha lingua propias.

2.-Que a mencionada asociación coa finalidade de promocionar os valores sinalados, organizou unha serie de actividades tales como un encontro con empresarios da provincia no Pazo de Mariñán, e a celebración do Día da Galegitude Empresarial en Santiago de Compostela, a consecuencia do que tivo lugar a colocación, o 15.01.2015, no recinto da Universidade, dun busto de Isidro Parga Pondal, investigador e docente galego de marcado carácter progresista e galeguista, ao que lle foi adicado no ano 2014, e que viviu e desenvolveu a súa docencia na citada cidade.

3.- Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias atópase o fomento da actividade cultural, e o apoio a aquelas entidades que intervegan no fomento dos valores culturais e identitarios da comunidade, considera de interese a participación na actividade plantexada, mediante a financiación da obra sinalada.

Por todo o exposto ambas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Foro Enrique Peinador para financiar a adquisición dunha escultura busto de Isidro Parga Pondal, que está instalada no recinto da Universidade de Santiago de Compostela, e que foi inaugurada o 15.01.2015, con motivo dos actos conmemorativos do Día da Galegitude Empresarial.

II.- Prescricións técnicas e orzamento de gastos

A Asociación Foro Enrique Peinador, contratou o suministro proposto dacordo coas seguintes prescricións técnicas e orzamento:

Prescricións técnicas:

Material: Bronce de fundición, con acabado en pátina de óxido.
Dimensións: 70x40x30cm
Base: Peana de granito do país con placa en bronce

Orzamento:

Modelado en terracota.	879,00€
Moldes de silicona e carcasa de escaiola	450,00€
Fundición en bronce	2.550,22€
Placa conmemorativa en bronce	450,20€
Base de granito do país	480,50€
Transporte	400,00€

Total orzamento	5.209,92€
IVE 21%	1.094,08€

Total	6.304,00€
--------------	------------------

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.



1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu Presidente e dúas persoas en representación do Foro Enrique Peinador, nomeadas polo seu presidente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 30 de decembro de 2015

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

<p>O PRESIDENTE, P.D. A DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA</p>  <p>Asdo.: Goretti Sanmartín Rei</p>	<p>O PRESIDENTE DA ASOCIACION FORO ENRIQUE PEINADOR,</p>  <p>Fdo.: Xosé González Martínez</p>
--	--

III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración aprobada, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **5.043,20€**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

2.- No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %** da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75 %** do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración da escultura dacordo coas prescricións técnicas e orzamento sinalados na cláusula primeira do presente convenio.

4.- O importe do financiamento provincial será feito efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo, e sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, dacordo coa normativa vixente no seu momento

5.- Tendo en conta que a achega provincial financia o **80%** do investimento, a subvención da Deputación Provincial da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.pode ser compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.-

1.- Na súa condición de adquirente, correspondeulle ao Foro Enrique Peinador o outorgamento do contrato de subministración da obra subvencionada, así como a instalación dos bens resultantes da súa transformación

2.- No procedemento de contratación, o Foro Enrique Peinador está obrigado a axustar toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición da obra, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Despois da adquisición e da instalación do ben, o Foro Enrique Peinador debe rotulalo en lugar visible, de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega aprobada será aboada ao Foro Enrique Peinador despois da presentación da seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albarán de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que a mesma foi presentada como xusticante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Foro Enrique Peinador e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida alomenos por un prazo de cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- O Foro Enrique Peinador estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexucio doutras indicacións, figure o disposto na clausula V.2 de publicid

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- A adquisición e instalación do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrita na cláusula primeira xa foi realizada, quedando o busto instalado na Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela o 15.01.2015.

2.- O prazo para a presentación da xustificación documental á que se refire a cláusula sexta rematará o 29 de febreiro de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Foro Enrique Peinador para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Foro Enrique Peinador da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Foro Enrique Peinador deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Foro Enrique Peinador destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Foro Enrique Peinador poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Foro Enrique Peinador queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexucio do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª 6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun **10 %** do importe da subvención co límite de **75 €** se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun **20 %** da subvención outorgada co límite de **150 €**.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do **10 %** do importe da subvención outorgada co límite de **75 €**; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do **20 %** do importe da subvención outorgada, co límite de **400 €**, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o **30 %** do importe da subvención, sen que poida superar o importe de **900 €**.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Foro Enrique Peinador serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Foro Enrique Peinador será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de marzo de 2016, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Previa solicitude do Foro Enrique Peinador, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.